



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE 2017

NÚM. 09/2017

SRES/RAS ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Amancio Lavandeira Suárez

CONCELLEIROS

D^a Laura Mariño Taibo
D. Abrahán Gerpe Muñiz
D^a Laura Tasende Cancela
D. Manuel Andrés Díaz Abeledo
D^a M^a Dolores Taibo Lavandeira
Da. Verónica Facal Rodríguez
D. Antonio Pensado Plágaro
D. Juan García Velo
D^a Clarisa Couto Castro
D. Luis Souto Gómez
D. Emilio Fondo Novo

NON ASISTEN

D^a María Angeles Gema Eiroa Villar
D^a Marta Marín Gracia, Interventora municipal

SECRETARIA

D^a. M^a del Carmen Seoane Bouzas

No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 20:00 horas do día vinte e seis de xullo de 2017, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Amancio Lavandeira Suárez, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnense os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.

R.E.L. nº 01150294

1.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 22 DE XUÑO DE 2017 (NÚM. 518) ATA O 21 DE XULLO DE 2017 (NÚM. 567).

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 22 de xuño (número 518) ata o 21 de xullo de 2017 (número 567), que foron postas de manifesto á secretaria da corporación.



Toma a palabra o Sr. Gerpe para manifestar que o seu grupo quere facer uns comentarios sobre as seguintes resolucións:

- Núm. 518: expresa que quería saber a que corresponde o gasto de Wolters e si se paga cada mes.
- Núm. 547: le a seguinte parte "Considerando que esta alcaldía deu ordes ao departamento de intervención-tesourería de proceder aos pagos para non chegar a xuízo e a secretaria está de vacacións na data sinalada para a celebración do xuízo, a pesar das advertencias de contratos menores e fraccionamento do obxecto do contrato, así coma de incompatibilidades, realizadas pola Secretaria da Corporación..." e pregunta se deu a orde de pagar e se non se fixo os expedientes disciplinarios que abriu.
- Núm. 553: pregunta por que motivo se está facendo esa dirección de obra con esa forma de tramitación e non se espera polo técnico municipal.
- Núm. 554: pregunta por que se devolven 1.748,99 € se foron eles os que se equivocaron.
- Núm. 563: pregunta por que se paga novamente a multa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para expresar que o asunto dos decretos é dación de contas, pero vai intentar dar resposta daquelas cuestións sobre as que teña datos. Di que o Consultor cre que é anual. Respecto á multa aclara que se paga a maiores unha sanción de 300 € por non identificar ao condutor. En relación á devolución aclara que a empresa pagou dúas veces e se lle tardou en contestar e iso leva aparelado uns intereses. Respecto ao de nomear un avogado di que había un xuízo e houbo que nomealo e hai que pagarlle, os que se puideron defender polo Concello ata o momento así se fixo.

Intervén novamente o concelleiro do PSOE para dicir que vai reformular a pregunta relativa ao avogado e respecto á RPD pregunta se a lección é ingresar e despois xa se lle devolve un 3,5% de intereses.

Resposta o Sr. Alcalde que o consultou coa interventora para ver se houbera algún erro e é correcto. Respecto á dirección de obra aclara que é unha retención de crédito.

B.- MOCIÓN.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde anuncia que non se presentaron nin rogos nin preguntas por rexistro de entrada e pregunta se alguén quere facer algunha oral.

Toma a palabra a concelleira do BNG para manifestar que chama a atención que a convocatoria dun pleno ordinario inclúa a esas alturas do ano só dación de contas das resolucións de alcaldía e da maneira en van, di que levan 10 minutos de pleno e non se tratou ningunha proposta do equipo de goberno.



O Sr. Pensado toma a palabra para manifestar, na liña do BNG, que van dous anos e na orde do día só se inclúen resolucións de alcaldía e non contestou nos plenos a ningunha pregunta que formulou o PP. Dille ao Sr. Alcalde que non lle permiten que se sigan rindo dos veciños e dende ese día non van ser cómplices desa falta de respecto aos veciños e non vai contar co seu grupo para non seguir facendo nada e dende ese mesmo día a postura do PP vai cambiar.

O concelleiro do PSOE di que comparte as palabras do resto de compañeiros e que as cousas teñen que cambiar.

A Sra. Facal toma a palabra para manifestar que está todo dito, que é unha vergoña de plenos, unha vergoña de goberno.

O Sr. Alcalde replica que hai un goberno por un lado, e por outro lado unha oposición que ha de facer a súa labor como tal. Recorda que cando TeGa estaba na oposición facía propostas e se lle limitaba o tempo de intervención nos plenos, os rogos, as preguntas...cousa que na actualidade non está a pasar. En relación ás obras sen contrato di que haberá que mirar como se fixeron as anteriores, pero na actualidade se intentan facer ben. Pide que non se fagan descualificacións, porque ademais di moito da persoa que as fai no pleno. Conclúe sinalando que eles traballan polo interese dos veciños, que é complicado e que ademais teñen moitos paos nas rodas.

O Sr. Pensado pídelo ao Sr. Alcalde que diga a verdade, porque cando estaba no goberno o PP había un regulamente, pero o PP é o grupo maioritario da corporación e non se lles dou a oportunidade de falar.

O Sr. Alcalde recrimínalle que lle botaba dos plenos.

O Sr. Pensado replícalle que porque igual o merecía.

Respóstalle o Sr. Alcalde que eso sería ao seu criterio.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 20 minutos do día 26 de xullo de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Amancio Lavandeira Suárez